

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE XULLO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de xullo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas cincuenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María Isabel Saa Paz

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 24 de xaneiro de 2023 (RE-E núm. 58), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA ISABEL SAA PAZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	OBRAS MENORES EN EDIFICIO
LUGAR	A GAIOLA
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 (BLOQUE PECHADO)
REFª CATASTRAL INMOBLE	6026802NH8262N0001XK
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica de obras menores redactada polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez, en data 19/01/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	10.943,08 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 30/06/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (218,86 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas polas autorizacións emitidas pola Axencia Galega de Infraestruturas en data 06/03/22 (expediente núm. ██████████); e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 05/06/23 (expediente núm. ██████████).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de

audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— María Valladares García

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 9 de xuño de 2023 (RE núm. 996), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA VALLADARES GARCÍA
DNI	██████████
DOMICILIO	TUI
REPRESENTANTE	JOSÉ MARÍA LORES PÉREZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CAMBIO DE CUBERTA EN VIVENDA
LUGAR	NEGRELOS
PARROQUIA	NEGRELOS
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	36047A062060060001AO
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica de obras menores redactada polo arquitecto Don Pablo Areán González, en data 08/03/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	15.574,65 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	ATA O DÍA 26/03/2024

INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 04/07/23)
---------------------	---

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRESCENTOS ONCE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (311,49 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida polo Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra, de data 02/06/23 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

2.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Emilia Faílde Faílde.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Ana María Jorge Couto, en data 22/06/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Emilia Faílde Faílde

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Pazos, parroquia de Pedroso

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,09 €/hora

3.- RECOÑECEMENTO DE TRIENIO A FUNCIONARIO DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo funcionario coa categoría de subalterno deste Concello (agrupación profesional DA 6ª EBEP) Don Carlos Camba Lamazares (RE núm. 1127, do 26/06/23), solicitando o recoñecemento do décimo trienio con efectos do día 19 de xuño de 2023.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador neste Concello e o tempo transcorrido dende o seu nomeamento como funcionario de carreira.

RESULTANDO que efectuado o cómputo do total dos servizos prestados perfeccionouse o décimo trienio o día 19 de xuño de 2023, polo que producirá efectos económicos dende o primeiro día do mes de xullo de 2023.

VISTA a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Estatuto Básico do Empregado Público, o R.D.Lex. 781/1986, do 18 de abril, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e a Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento dos servizos previos na Administración Pública, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao funcionario Don Carlos Camba Lamazares o seu dereito a percibir o décimo trienio con efectos económicos do día 1 de xullo de 2023.

4.- CONCESIÓN DA PRIMEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 16 de marzo do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 23/02/23. Con data 26 de maio do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 878, do 30/05/23).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Ana María Jorge Couto, con data 06/07/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a primeira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor da veciña que deseguido se relaciona e coa contía e destinos que se especifican:

Gasto corrente

BENEFICIARIA	PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Pagamento de gastos de aluguer, e de produtos de hixiene, limpeza e farmacéuticos

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2023. A beneficiaria deberá presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2024. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

5.- ACORDO DE OUTORGAMIENTO DE VISADO PERIÓDICO DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI

Consta no Rexistro municipal a seguinte solicitude de visado periódico de licenza municipal de taxi:

— Elisa Guerra Viana (RE-E núm. 353, do 14/06/23).

Achega declaración responsable por ela asinada na que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi e que dispón da documentación que así o acredita.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e artigo 14.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Outorgar o visado periódico da seguinte licenza municipal de taxi:

LICENZA	TITULAR	DNI	MATRÍCULA DO VEHÍCULO
10	ELISA GUERRA VIANA	██████████	0915 KLM

Segundo.- Proceder a anotar o visado no Rexistro de Títulos Habilitantes.

6.- RECOÑECEMENTO DO DEREITO A REDUCIÓN DE XORNADA Á TRABALLADORA LABORAL FIXA POR ENFERMIDADE GRAVE DE FAMILIAR QUE REQUIRE DE COIDADADO DIRECTO, CONTINUO E PERMANENTE

ANTECEDENTES

1º.- Dona María Lara Hermida Fernández, con DNI núm. ██████████, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de traballadora social, solicita, con data 23 de xuño do corrente (RE núm. 1110), a redución da súa xornada laboral nun 99 por cento, por coidado de filla afectada por enfermidade grave que require do seu coidado directo, continuo e permanente.

2º.- A solicitante achega informe do servizo público de saúde (SERGAS) da súa filla ██████████, que acredita ditos extremos, así como que o diagnóstico da enfermidade foi anterior ao cumprimento da maioría de idade da causante.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 37.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET) dispón: *“O proxenitor (...) terá dereito a unha redución da xornada de traballo, coa diminución proporcional do salario de, ao menos, a metade da duración daquela, para o coidado, durante a hospitalización e tratamento continuado, do menor ao seu cargo afectado por cancro (...), ou por calquera outra enfermidade grave, que implique un ingreso hospitalario de larga duración e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente, acreditado polo informe do servizo público de saúde (...) e, como máximo ata que o fillo (...) cumpra os vinte e tres anos”.*

Segundo.- Dita disposición legal establece asemade que non obstante, cumpridos os 18 anos, poderase recoñecer o dereito a redución de xornada

ata que o causante cumpra 23 anos nos supostos no que o padecemento fora diagnosticado antes de alcanzar a maioría de idade, sempre que no momento da solicitude se acrediten os requisitos establecidos, agás a idade.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer o dereito da traballadora laboral fixa do Concello Dona María Lara Hermida Fernández a reducir a súa xornada laboral nunha porcentaxe do noventa e nove por cento, por coidado de filla afectada por enfermidade grave que require do seu coidado directo, continuo e permanente.

Segundo.- A redución de xornada producirá efectos a partires do día 1 de agosto do corrente, coa conseguinte diminución proporcional do seu salario na mesma porcentaxe.

Terceiro.- O período de goce do dereito está condicionado á subsistencia no tempo das circunstancias que o motivaron, e extinguirase por renuncia da beneficiaria ao dereito e, en calquera caso, cando a causante cumpra os vinte e tres anos de idade. Porén, poderá manterse ata o cumprimento dos 26 anos se antes de alcanzar os 23 acreditara, ademais, un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Eiriz Sobrado, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, causo baixa laboral por incapacidade laboral (IT), derivada de accidente de traballo, o día 26 de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Ana María Jorge Couto, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARINETE DO AMARAL, con NIE núm. [REDACTED], a tempo parcial (31,15 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora Laura Eiriz Sobrado.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Dona María del Mar Cambeiro Areán, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA SAN XOÁN DE CAMBA, con CIF núm. [REDACTED] e con

domicilio social no lugar de Lamazares, parroquia de Camba (RE núm. 1072, do 20/06/23), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Xoán de Camba celebradas os pasados días 24, 25 e 26 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 18 de maio de 2023 o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra ditou sentenza, en autos de procedemento abreviado núm. 0000222/2022, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“Estimo totalmente el recurso contencioso seguido ante este juzgado como Proceso Abreviado nº 222/2022 a instancia de JOSÉ REGUEIRA VENGE, contra la resolución desestimatoria presunta, dictada por silencio, de la reclamación en concepto de responsabilidad patrimonial formulada por escrito con entrada en el registro del Concello de Rodeiro de 28.12.2021 en solicitud de indemnización por los daños y perjuicios sufridos por el Sr Regueira Vence con motivo de un accidente sucedido el 08.10.2021 mientras el vehículo de su propiedad marca RENAULT modelo KADJAR matrícula 3841JXL permanecía estacionado en las inmediaciones del recinto del Cuartel de la Guardia Civil de dicho término municipal, en la explanada delante del edificio en la c/ A nº 5 del casco urbano, al impactarlo piedras y restos de piedras de diferentes tamaños proyectadas por el uso de un tractor agrícola dotado de un apero para el corte y triturado de la maleza presente en el terreno adyacente al cuartel que estaba haciendo funcionario un operario municipal para realizar labores de limpieza y desbroce en la zona (Expte 2021-E-RC-2256). Declaro dicha resolución no conforme a derecho y la revoco, con condena a la administración demandada a abonarle al recurrente la cantidad de 7.720,89 € con aplicación a dicho importe del de los intereses correspondientes desde la fecha de su reclamación (28.12.2021), así como el pago de las costas procesales causadas por este asunto contencioso, en importe que no excederá del límite de 400 euros IVA no incluido”.*

Dita sentenza é firme en canto non cabe interpoñer contra ela recurso de apelación. O Sr. secretario informa que o principal reclamado máis os xuros xa foron satisfeitos pola aseguradora do Concello, agás a cantidade de 300,00 € que corresponde ao importe da franquía contratada na póliza en vigor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar un gasto por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) a favor de Don JOSÉ REGUEIRA VENCE, con DNI núm. [REDACTED] en concepto de indemnización recoñecida pola sentenza referida, con cargo á partida 920/226 do orzamento en vigor.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)